

Rogelio Carballo Solla,
en calidade de presidente da Federación de ANPA de Centros Públicos de Pontevedra, FANPA
Pontevedra

EXPOÑO:

Que a ANPA do IES MANUEL GARCÍA BARROS está asociada á Federación Estradense de Asociacións de Nais e Pais de Alumnos (FESANPAS).

Que a través de distintos medios de comunicación e de redes sociais tivemos coñecemento dunha información sobre a presentación de denuncia perante a Garda Civil por unha suposta intrusión ou acceso a contas de correo electrónico persoal de varios profesores do centro.

Que no sitio web oficial do IES MANUEL GARCÍA BARROS recóllese que *“O Claustro de profesores, en reunión extraordinaria, vén de decidir non organizar o Acto de Despedida do alumnado de 2º de Bacharelato previsto para o próximo venres 26 de maio”*.

Que esta decisión parécenos un castigo xeneralizado que proxecta sombras sobre todo o alumnado e as familias, onde pagan xustos por pecadores e onde todos deixan de ser inocentes ata que se demostre o contrario facendo o claustro unha inversión dos valores de xustiza, equidade e responsabilidade que se deberían promover, creando deste xeito un mal clima de convivencia entre a comunidade educativa.

Esta decisión tomaríase sen informar nin contar coa opinión dos pais que comprenden perfectamente a gravidade das acusacións pero que están sen esclarecer as responsabilidades persoais por estar sometida a situación a investigación a distintos niveis. No aspecto educativo, a medida parece non ter respectado o plan de convivencia do centro e mesmo podería ser considerada ilegal ou abusiva, tanto porque o acto de graduación como vén sendo habitual, estará incluído na PXA, como pola difamación colectiva.

Por todo isto, FANPA Pontevedra solicito:

1. Que dentro do posible se informe por escrito á ANPA do IES MANUEL GARCÍA BARROS da situación real do que está a acontecer, xa que a información da que dispón a ANPA, a Federación Estradense de ANPAS (FESANPAS), e a Federación Provincial de ANPAS (FANPA Pontevedra) non permite informar correctamente os asociados.
2. A clarificación dos motivos polos que se acordou a suspensión do acto de despedida, tendo en conta que é de supoñer que se trata dun acto que se realiza de xeito tradicional e que estará recollido no Plan Xeral Anual do Centro.
3. Que se esclarezan as responsabilidades de cada unha das partes porque se ben é certo que pode haber delito por parte dalgún alumno, polas informacións que se están publicando, pode haber tamén negligencia por parte do profesorado, falta de control de

seguridade no uso dos equipos do centro, a utilización de contas persoais en horario e para actividades profesionais.

4. Non compartimos e reprobamos converter esta cuestión nun asunto de debate público cando pode e debe solventarse no ámbito da comunidade educativa do centro.
5. Que se reconsidere a postura da suspensión do acto de despedida, por canto o contrario suporía a violación do principio de inocencia, unha sospeita colectiva que pode supoñer para algunhas familias unha calumnia, dando quizais a oportunidade precisamente nese acto de aprender unha última lección no centro educativo no que estes alumnos e alumnas pasaron unha etapa tan grande e significativa das súas vidas.

Pontevedra, 25 de maio de 2017

Asdo.

